

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 15 DE XANEIRO DE 2021

Ás 10:40 horas do día 15 de xaneiro de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 12 de xaneiro de 2021, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Ruth María Gallego Santos, vogal suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos agás o 2 e 4)
D^a. Luz María González Domínguez, xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía (asiste aos puntos 5 e 6)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na estrada José Rivas" (653-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.
2. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
3. ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 06:35 | Páxina 1 de 6 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AHA347-C9D135-4926E2-LB9QKC-CPKR6D-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

4. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
5. SERGONSA SERVICIOS, S.L.
6. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.

b) Outorgar un prazo de tres días a DESMACO, S.L.U. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá emendar os seguintes apartados da parte III do DEUC "Motivos de exclusión":

- Apartado B "*Motivos referidos al pago de impuestos o de cotizaciones a la seguridad social*": o licitador indica que SI incumpriu as súas obrigas referidas ao pagamento de impostos e de cotizacións á seguridade social. Lémbrese que esta é unha das prohibicións de contratar previstas no artigo 71 da LCSP
- Apartado C "*Motivos referidos a la insolvencia, los conflictos de intereses o la falta profesional*": non se respondeu ás preguntas "*¿Se encuentra el operador económico en quiebra?*" e "*Rescisión anticipada, imposición de daños y perjuicios u otras sanciones comparables*"

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na subida a Relfas – Sárdoma" (654-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "*Documentación persoal*", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.
 2. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
 3. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
 4. ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.
 5. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
 6. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.
- b) Outorgar un prazo de tres días a DESMACO, S.L.U. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá emendar os seguintes apartados da parte III do DEUC "Motivos de exclusión":
 - Apartado B "*Motivos referidos al pago de impuestos o de cotizaciones a la*



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 06:35 | Páxina 2 de 6 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AHA347-C9D135-4926E2-LB9QKC-CPKR6D-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



seguridad social”: o licitador indica que SI incumpriu as súas obrigas referidas ao pagamento de impostos e de cotizacións á seguridade social. Lémbrese que esta é unha das prohibicións de contratar previstas no artigo 71 da LCSP

- Apartado C “*Motivos referidos a la insolvencia, los conflictos de intereses o la falta profesional*”: non se respondeu ás preguntas “*¿Se encuentra el operador económico en quiebra?*” e “*Rescisión anticipada, imposición de daños y perjuicios u otras sanciones comparables*”

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Humanización das rúas Julia Minguión e Vista Alegre” (684-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A “*Documentación persoal*”, tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
 2. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
 3. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.
 4. UTE ORECO, S.A.U. - ELECTRICIDAD EYP, S.L. (porcentaxe de participación na UTE 70%-30%, respectivamente)
 5. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
 6. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
 7. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.
- b) Outorgar un prazo de tres días á UTE OBRAS, REFORMAS E SANEAMENTOS, S.L. - ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERÍA. S.L. (porcentaxe de participación na UTE 80%-20%, respectivamente) para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación.

Os dous membros da UTE indican no DEUC que concorren a esta licitación con solvencia de terceiros na parte II, apartado C “*Información sobre el recurso a la capacidad de otras entidades*” ao contestar afirmativamente á pregunta “*¿Se basa el operador económico en la capacidad de otras entidades para satisfacer los criterios de selección contemplados en la parte IV y los criterios y normas (en su caso) contemplados en la parte V, más abajo?*”.

Lémbrese que tal e como indica o formulario do DEUC e a cláusula 14 do PCAP, neste suposto o licitador debe presentar tamén un DEUC debidamente cumprimentado polo terceiro, se ben tanto OBRAS, REFORMAS E SANEAMENTOS, S.L. como ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERÍA. S.L. non o fixeron. Así mesmo, de concorrer esta circunstancia, débese presentar o anexo III



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 06:35 | Páxina 3 de 6 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AHA347-C9D135-4926E2-LB9QKC-CPKR6D-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

do PCAP, tal e como esixe a cláusula 14.2A.

Se, pola contra, os licitadores integrantes da UTE non concorren a esta licitación con solvencia de terceiros, deberán presentar un novo DEUC no que indiquen esta circunstancia respondendo negativamente á citada pregunta do apartado C da parte II.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na estrada José Rivas" (653-441)

Retírase este asunto porque a Mesa acordou no punto 2a conceder un prazo a un dos licitadores para que poida emendar a documentación persoal.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na subida a Relfas – Sárdoma" (654-441)

Retírase este asunto porque a Mesa acordou no punto 2b conceder un prazo a un dos licitadores para que poida emendar a documentación persoal.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización das rúas Julia Minguillón e Vista Alegre" (684-441)

Retírase este asunto porque a Mesa acordou no punto 2c conceder un prazo a un dos licitadores para que poida emendar a documentación persoal.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo (18.174-101)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía o 12 de xaneiro de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor".

A Mesa acepta, por unanimidade, o citado informe e acorda excluír deste procedemento a RODRIGO Y ASOCIADOS CENTRAL DE MEDIOS, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP ("De conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, o umbral mínimo de puntuación que se debe acadar para continuar no proceso selectivo é de 20 puntos. As ofertas que non acaden este umbral serán excluídas da licitación").

Acto seguido publícase no perfil de contratante.



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 06:35 | Páxina 4 de 6 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AHA347-C9D135-4926E2-LB9QKC-CPKR6D-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo (18.174-101)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

| | ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. | QUATTRO INDUSTRIA DESTILADORA DE CREATIVIDAD PUBLICITARIA, S.L.U. |
|--|-----------------------------|--|
| Redución prezos estratexia de Comunicación xeral institucional | 50.00% | 70.00% |
| Redución prezos deseño da imaxe e proposta de creatividade de cada unha das campañas | 33.33% | 35.00% |
| Redución prezos deseño dos bandos institucionais | 41.18% | 50.00% |
| Redución prezos deseño dos anuncios de carácter obrigatorio e institucional | 44.44% | 25.00% |
| Redución prezos realización e produción de cuñas radiofónicas | 20.00% | 20.00% |
| Redución prezos Faro de Vigo | 20.35% | 18.00% |
| Redución prezos La Voz de Galicia | 18.67% | 18.00% |
| Redución prezos Atlántico Diario | 11.90% | 15.00% |
| Redución prezos Radio Vigo | 14.05% | 17.00% |
| Redución prezos COPE | 0.00% | 75.00% |
| Redución prezos Onda Cero | 30.50% | 15.00% |
| Redución prezos Kiss FM | 62.00% | 15.00% |
| Redución prezos La Voz de Galicia.es | 18.67% | 15.00% |
| Redución prezos Faro de Vigo.es | 20.35% | 15.00% |
| Redución prezos Atlántico Diario.es | 11.90% | 15.00% |
| Redución prezos outros soportes (Galicia Ciencia, Vigo E, Vigoalminuto, Cies podcast, Galicia Confidencial, A Movidia e Metropolitano) | 9.39% | 15.00% |
| Redución prezos Televigo | 28.50% | 15.00% |
| Redución prezos impresión do material gráfico detallado no apartado 3.G.g | 30.75% | 20.00% |

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asisten á apertura D^a. Ana Hernández Méndez, con DNI **.76.24*, e D. Carlos Prado Fiel, con DNI **.83.83* en representación de ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L.; e D. Jaime Conde González, con DNI **.96.15* en representación de QUATTRO INDUSTRIA DESTILADORA DE CREATIVIDAD PUBLICITARIA, S.L.U.



A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 06:35 | Páxina 6 de 6 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AHA347-C9D135-4926E2-LB9QKC-CPKR6D-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |